


# HISTORIA



O galego pertence á familia das linguas románicas - coma o francés ou o catalán- e é o resultado da evolución do latín introducido polos romanos no noroeste da Península Ibérica. Dende finais do século VIII, a fala desta área é diferente abondo da latina que lle dá orixe, polo que podemos considerar a existencia dun idioma distinto: o galego; inda que non será ata 1981 cando se lle recoñeza como lingua Oficial de nosa Comunidade, coa publicación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Fonte: [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

O Día das Letras Galegas é unha celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega para homenaxear a aquelas persoas que destacasen pola súa creación literaria no idioma galego ou pola defensa da devandita lingua. Cada ano dedícase a unha personalidade diferente, escollida pola Real Academia Galega, tendo en conta que deberon pasar polo menos dez anos desde o seu falecemento. Desde a instauración desta celebración, soamente en 1998 houbo unha dedicación conxunta aos poetas medievais Martín Códax, Xohán de Cangas e Mendinho, moi importantes para a nosa lingua polas súas cantigas.

A elección da data de celebración deste evento, o 17 de maio, débese a que en tal día como ese, en 1863, publicouse en Vigo o primeiro exemplar da obra *Cantares galegos*, de Rosalía de Castro, que marcaría o inicio do Rexurdimento ou renacemento cultural de Galicia; e polo tanto, este día é festivo en toda a nosa comunidade.

María Rosalía Rita de Castro naceu en Santiago de Compostela o 23 de febreiro de 1837 e finou en Padrón o 15 de xullo de 1885. Foi unha poetisa e novelista galega que escribiu tanto en galego como en castelán. Está considerada unha das figuras máis emblemáticas do Rexurdimento galego xunto con Eduardo Pondal e Curros Enríquez, non só pola súa produción literaria e porque os seus *Cantares galegos* sexan entendidos como a primeira gran obra da literatura galega contemporánea, senón polo mérito de elevar o galego á posición que merecía nun momento no que escribir nesta lingua e sobre todo para unha muller, estaba considerado un desprestixio.